



Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Socioloxía da educación		Código	652G02004	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencia Política da Administración				
Coordinación	Andrade Suarez, María Jose	Correo electrónico	maria.andrade@udc.es		
Profesorado	Andrade Suarez, María Jose	Correo electrónico	maria.andrade@udc.es		
	Fernández Suárez, Mónica Belén		belen.fernandez.suarez@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Este programa estrutúrase ao redor dos seguintes obxectivos xerais:</p> <p>a) Proporcionar unha visión elemental das principais correntes e teorías no campo da Socioloxía en xeral e, concretamente, da Socioloxía da Educación.</p> <p>b) Proporcionar o instrumental conceptual adecuado para comprender os distintos fenómenos sociais e, en concreto, a dimensión social da educación e da escola.</p> <p>c) Espertar o espírito crítico en relación coa educación e a escola na sociedade actual.</p> <p>d) Fomentar o enriquecemento da capacidade persoal de análise da realidade escolar, a través do estudo da súa natureza social</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
	A2	B1	C4
	A7	B2	C6
	A9	B3	C7
	A10	B4	C8
	A11	B5	
	A14	B6	
	A15	B7	
	A17	B8	
	A18	B9	
	A19	B14	
	A22	B15	
	A23	B16	
	A34	B17	
	A35	B18	
	A40	B19	
	A61	B20	
	A64		
	A65		
	A68		



Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. INTRODUCCIÓN Á SOCIOLOXÍA	<ul style="list-style-type: none">1.1. O carácter científico da socioloxía e o seu obxecto de estudo1.2. O desenvolvemento histórico da ciencia sociolóxica<ul style="list-style-type: none">1.2.1. Contexto histórico do nacemento da socioloxía1.2.2. Os precursores da socioloxía e os pais fundadores1.2.3. Principais paradigmas teóricos da socioloxía
TEMA 2. METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN SOCIOLOXICA: PRINCIPIOS BÁSICOS	<ul style="list-style-type: none">2.1. Métodos de investigación en ciencias sociais2.2. Técnicas cuantitativas e cualitativas de investigación social2.3. Como se elabora un proxecto de investigación social
TEMA 3. A CIENCIA SOCIOLOXICA E A SÚA APLICACIÓN Á EDUCACIÓN	<ul style="list-style-type: none">3.1. Educación e sociedade. A educación como fenómeno social3.2. Concepto e obxecto de estudo da socioloxía da educación3.3. Principais teorías sociolóxicas e a súa operatividade na socioloxía da educación<ul style="list-style-type: none">3.3.1. As achegas dos clásicos3.3.2. Teorías sociolóxicas actuais
TEMA 4. CULTURA, SOCIALIZACIÓN E ESCOLA	<ul style="list-style-type: none">4.1. Individuo, cultura e sociedade<ul style="list-style-type: none">4.1. Noción sociolóxica de cultura: trazos básicos4.2. Cultura e educación<ul style="list-style-type: none">4.3. Educación e diversidade cultural: a escola fronte á multiculturalidade4.2. O proceso de socialización<ul style="list-style-type: none">4.2.1. Definición e concepto4.2.2. Socialización e internalización de roles4.2.3. Algunhas teorías sobre a socialización4.3. Os axentes ou contextos de socialización<ul style="list-style-type: none">4.3.1. A familia como axente socializador e a súa relación coa escola4.3.2. O grupo de iguais: as subculturas xuvenís4.3.3. Os medios de comunicación de masas4.3.4. A escola. Función socializadora e funcións sociais
TEMA 5. ESTRATIFICACION SOCIAL, MOBILIDADE SOCIAL E EDUCACIÓN	<ul style="list-style-type: none">5.1. Principais sistemas de estratificación social5.2. Principais teorías sociolóxicas sobre a estratificación e a mobilidade social5.3. Desigualdades de clase, xénero e etnia5.4. O concepto de mobilidade social5.5. Estratificación, mobilidade social e educación
TEMA 6. INSTITUCIÓN EDUCATIVA, ECONOMÍA E EMPREGO	<ul style="list-style-type: none">6.1. Modelos teóricos que relacionan educación e desenvolvemento6.2. Aspectos esenciais da relación entre educación e traballo na era da globalización6.3. Biografía e segmentación social na transición escola-traballo
TEMA 7. EDUCACIÓN E CAMBIO SOCIAL	<ul style="list-style-type: none">7.1. Cambio social e educación7.2. A escola, axente de control social ou de modernización e cambio?7.3. A institución educativa como espazo de contradicións e conflitos
TEMA 8. O PROFESORADO COMO CATEGORÍA SOCIAL E AXENTE EDUCATIVO: A SOCIOLOXÍA DO PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none">8.1. O profesorado como categoría social. Status e rol do profesor8.2. O profesorado como axente educativo8.3. O ensino como profesión. A socialización profesional do profesorado
TEMA 9. O ALUMNADO COMO GRUPO SOCIAL E AS RELACIÓNS EDUCATIVAS: A SOCIOLOXÍA DO ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none">9.1. O alumnado como grupo: composición social do alumnado nos diferentes niveis9.2. As relacións sociais na aula. As interaccións na aula
TEMA 10. FUNDAMENTOS SOCIAIS DO CURRÍCULO	<ul style="list-style-type: none">10.1. A construción social e histórica do curriculum10.2. Curriculum oculto e curriculum manifesto10.3. Os enfoques sociolóxicos do curriculum escolar



Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	2	0	2
Análise de fontes documentais	4	8	12
Aprendizaxe colaborativa	6	6	12
Discusión dirixida	6	0	6
Investigación (Proxecto de investigación)	6	12	18
Lecturas	2	12	14
Presentación oral	6	6	12
Sesión maxistral	22	0	22
Traballos tutelados	10	20	30
Proba mixta	2	18	20
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación, explicación e/ou aclaracións da Guía Docente da asignatura, e polo tanto, do programa e do plan de traballo: contido, metodoloxía de ensino-aprendizaxe, avaliación, etc... En definitiva, todas aquelas actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe coa finalidade de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Análise de fontes documentais	Consiste na análise, procura e consulta dos documentos de traballo que recollen os contidos básicos da materia. Esta técnica metodolóxica supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos
Aprendizaxe colaborativa	Trátase do conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. Supón unha ferramenta de aprendizaxe complementaria ó traballo autónomo e individual do alumno/a.
Discusión dirixida	Debates que permitan propiciar a acción participativa do alumnado -que lle xere unha certa ?tensión intelectual?-, a través de interrupcións moderadas e organizadas pola profesora, para obter aclaracións nas que o alumnado tamén ten a ?corresponsabilidade? de poñer ou suxerir ideas respecto dos contidos teórico-prácticos que se estean a traballar. Trátase dunha técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Investigación (Proxecto de investigación)	Elaboración dun traballo de investigación sociolóxica sobre algunha das temáticas propias desta asignatura. Supón un proceso de ensinanza orientado á aprendizaxe do alumnado mediante a realización de actividades de carácter práctico a través das que se propoñen situacións que requiren ao estudante identificar un problema obxecto de estudo, formulalo con precisión, desenvolver os procedementos pertinentes, interpretar os resultados e sacar as conclusións oportunas do traballo realizado.
Lecturas	Propóñense un conxunto de textos e documentación escrita relacionada coa materia que o alumnado deberá ler, analizar, reflexionar, recensionar e/ou engadir como fonte de profundización nos contidos a traballar.
Presentación oral	Exposición diante da profesora e dos compañeiros/as, dos traballos de investigación individuais ou en grupo, realizados ó longo do cuadrimestre. Trátase dunha ferramenta do proceso de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.



Sesión maxistral	<p>Trátase do que se ven denominando Docencia Expositiva (DE). A dinámica baséase en clases maxistras que transmitan os coñecementos básicos da asignatura. Polo tanto, falamos da exposición oral na aula dos temas que supoñen o contido teórico da materia. Pero ademais, preténdese xerar uns mínimos para "poñer a funcionar a aula" e propiciar a acción participativa do alumnado -que lle xere unha certa "tensión intelectual"-, a través de interrupcións moderadas e organizadas pola profesora, para obter aclaracións nas que o alumnado tamén ten a "corresponsabilidade" de poñer ou suxerir ideas respecto dos contidos teórico-prácticos que se estean a traballar. Trátase de motivar ó alumnado a través da reflexión e o diálogo aberto. Esta exposición oral vese complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral".</p>
Traballos tutelados	<p>Supón o conxunto de prácticas levadas a cabo tanto nas horas presenciais da denominada Docencia Interactiva (DI), exercida en grupos reducido (duns 20 alumnos/as), como o material resultado do traballo autónomo non presencial. A DI está concebida para que o alumnado desenvolva, necesaria e obrigatoriamente, un traballo previo (lectura de material ad hoc), pero tamén é fundamental a participación activa e o traballo na aula (análise, reflexión, debate, discusión grupal e exposicións dos textos, material audiovisual, etc?). Esta metodoloxía está deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.</p>
Proba mixta	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Actividades iniciais Análise de fontes documentais Aprendizaxe colaborativa Discusión dirixida Investigación (Proxecto de investigación) Lecturas Presentación oral Proba mixta Sesión maxistral Traballos tutelados	A atención personalizada realizarase coa finalidade de atender ás necesidades e consultas do alumnado, de forma individual ou en grupos pequenos, relacionadas co estudo e os temas vinculados coa materia. Sempre que o alumno/a o considere necesario e cando a profesora o estime oportuno para mellorar o proceso de ensinanza/aprendizaxe, esta actividade desenrólase de forma vía virtual (a través de e-mail), na aula ou nos momentos que a(s) profesora(s) teñen asignados ás titorías de despacho e cuxo horario se comunicará previamente.
---	--

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	Leituras de textos e libros relacionados coa temática da materia.	10
Discusión dirixida	Debates na clase acerca dunha determinada temática vinculada coa asignatura.	5
Investigación (Proxecto de investigación)	Realización dunha investigación en grupo sobre temas relacionados coa Socioloxía da Educación.	15



Presentación oral	Presentacións dos traballos realizados ou de comentarios de textos asignados, ao igual que de debates nos que sexa necesario articular unha posición por parte do alumnado.	5
Proba mixta	Trátase dun exame dos contidos da parte expositiva da materia. É necesario lograr un 5 para superar esta sección da materia, e que poida facer media coa avaliación dos contidos prácticos.	50
Traballos tutelados	As sucesivas tarefas que as profesoras no proceso de avaliación continua vaian consignando ao alumnado, e que contén coa dirección e apoio das docentes responsables.	15

Observacións avaliación

A materia consta dunha parte teórica e outra práctica.

a) A parte teórica desenvolvida pola profesora en clase e/ou indicada no material bibliográfico que se facilita avaliarase a través dun exame que será puntuado sobre 10. Para aprobar esta parte é necesario obter, polo menos, unha puntuación de 5.

b) A parte práctica constará de diversas actividades (traballos en grupo e individuais, exposicións orais na aula e outros traballos de carácter práctico). Para aprobar esta parte é necesario realizar todos e cada un dos traballos cumprindo coas condicións e datas de entrega indicadas pola profesora e obter unha nota media igual ou superior a 5 puntos.

c) A distribución da nota final da materia farase da seguinte maneira: 50% parte teórica, 40 % parte práctica e 10 % asistencia e participación en clase.

d) Para a obtención da cualificación final, será necesario ter aprobadas tanto a teoría como a práctica. Unha vez superadas ambas, obterase a nota media.

Dado o desenvolvemento presencial da materia, será necesaria a asistencia a un mínimo do 80 por cento das sesións (teóricas e prácticas) de face a permitir un adecuado seguimento e a avaliación continua do alumnado.

Os/As alumnos/as que asistisen a menos do 80% das clases deberán acudir a unha tutoría coa profesora e terán que presentarse a un exame específico debido ás súas circunstancias especiais. Neste caso, o sistema de avaliación consistirá nun exame sobre a materia, sen que se engadan outros traballos ou actividades prácticas á avaliación final.

Dentro dos criterios de avaliación da modalidade de avaliación continua considérase especialmente importante:

a) Os traballos e prácticas realizados e presentados durante o curso: Valorarase os exercicios prácticos tanto na súa presentación como no seu contido (a comprensión do tema, a organización expositiva e a aplicación da perspectiva sociolóxica ao redor dos fenómenos sociais e textos propostos para análises)

b) Exame final da materia: Valorarase a comprensión e coñecemento dos contidos da materia traballados durante o curso. Tamén se terán moi en conta a correcta expresión e o acertado uso da ortografía.

c) A asistencia e participación nas clases e nas actividades prácticas propostas durante o curso: Valorarase positivamente o interese que o alumno mostre na marcha da materia, nas súas dúas perspectivas (teórica e práctica); o interese apreciado repercutirá na cualificación final.

Fontes de información

Bibliografía básica	- (). .
---------------------	---------



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- WILLIS, P. (1988). Aprendiendo a trabajar. Cómo los chicos de clase obrera consiguen trabajos de clase obrera. Madrid: Editorial Akal- APPLE, M. (1987). Educación y poder. Barcelona: Paidós- APPLE, M. (2002). Educar &quot;como Dios manda&quot; mercados, niveles, religión y desigualdad. Barcelona: Paidós- TERRÉN, E. (2001). El contacto intercultural en la escuela: la experiencia educativa de gitanos e hijos de inmigrantes en el Área Metropolitana de A Coruña . A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña- TORRES SANTOMÉ, J. (2003). El currículum oculto. Madrid: Morata- PEDRÓ I GARCÍA, F. (2009). El profesorado. Madrid: Biblioteca Nueva- TORRES SANTOME, J. (2006). La desmotivación del profesorado. Madrid: Morata- GUTMANN, A. (2001). La educación democrática . Barcelona: Paidós- PENNAC, D. (2008). Mal de escola. Vigo: Xerais- CALERO, J. (2008). Sociedad desigual, ¿educación desigual?: sobre las desigualdades en el sistema educativo español. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia- THE WIRE SERIE (2010). The Wire. Warner: 2010
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Teoría da educación/652G02001
Historia da educación/652G02006

Materias que continúan o temario

Teoría da educación/652G02001
Historia da educación/652G02006

Observacións

 - Cando se establezan datas de entrega de prácticas, traballos tutelados, etc..., deberán cumprirse, agás casos excepcionais e debidamente xustificadas. - Recoméndase, sobre todo para o alumnado "non presencial" procure estar en contacto e comunicación regular coa(s) profesora(s).

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías